

COMUNICADO SOBRE O “MARISMA +”. O QUE QUEIRA ENTENDER... QUE ENTENDA



No primeiro pleno votamos en contra da proposta do goberno local porque, segundo nos dixeran, non era necesaria a aprobación da modificación por parte do pleno. Dentro da Agrupación había posturas encontradas, pero saíu adiante o "NON". **Todos estabamos en contra da xestión que fixo o PP co proxecto “Marisma +”, e tiñamos claro que non debía ser Redondela quen asumira o pago da cantidade que podía financiar a UE.** Como non era necesario o respaldo do pleno, decidimos votar en contra da proposta do PP.

Para o segundo pleno atopámonos con que se modificaran as cantidades a onde se destinaran nun inicio, así como coa esixencia do Ministerio de Economía do respaldo do pleno para facer estas modificacións. Solicitamos explicacións no pleno, pero a Concelleira de Facenda non nos respondeu.

O noso cambio no voto debeuse a que non cremos que deba ser o Concello, e polo tanto tódolos veciños de Redondela, os que asumamos o pago íntegro deses 700.000€ que se modificaban. Se existise a posibilidade de que eses cartos se lle descontasen da asignación municipal que recibe o PP sen dúbida votaríamos en contra da modificación. Pero non era así polo que decidimos abstermos.

Para os nosos “compañeiros de oposición”, que non perden ocasión en insinuar a nosa convivencia co PP, só dicir un par de cousas:

1- A construción do pavillón ao que se destina boa parte desta modificación aprobouse cos votos a favor do PP, PSOE e BNG; a Agrupación de Electores de Redondela votou en contra:

O Concello pleno en votación extraordinaria por maioría dos seus membros presentes, sendo dezanove votos a favor (10PP 8 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e un voto en contra (AER), aproba o proxecto e expediente de contratación das obras do pavillón polideportivo na Marisma.

http://www.redondela.gal/web/jupgrade/images/stories/Actas_dos_plenos_2011/2014/23MAIO2014_extraordinario_urgent.pdf

2- A modificación da actuación no litoral de Cesantes, cambiar o paseo polos muros, aprobouse cos votos a favor do PP, e coas abstencións de PSOE e BNG; a Agrupación de Electores de Redondela votou en contra. Eses muros debía repáralos Costas non o Concello de Redondela.

MODIFICACIÓN DA DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE 2.1 “ACONDICIONAMENTO DO BORDE LITORAL DE CESANTES” INCLUÍDA NO PROXECTO MARISMA +

Sometido o asunto a votación ordinaria, o pleno do Concello, por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo dez votos a favor (PP), un en contra (AER) e dez abstencións (8 do PSdeGPSOE, 2 do BNG), aproba a proposta anteriormente transcrita.

http://www.redondela.gal/web/jupgrade/images/stories/Actas_dos_plenos_2011/2014/Acta_17_27_11_2014.pdf

Para rematar dicir que se chegou a esta situación porque **Javier Bas é incapaz de chegar a consensuar nada co resto dos grupos**. Estas modificacións deberon levarse a cabo segundo se produciran, e non esperar a estar rematadas as obras. O problema que tiña isto era ter que explicarlles aos veciños de Trasmañó que non se faría o Centro de Día, ós de Chapela que non se faría o paseo e ós de Rande que non se arranxaría o camiño a Torre.

QUEN QUEIRA ENTENDER QUE ENTENDA!!!!